

ELECCIÓN DA IDEA E DO FORMATO

“Mesturas” créase como parte do reto 2 “Crearte” vencellado ao PDI “Artistadas” que propón a biblioteca do centro CEIP Francisco Vales Villamarín.

A aula de 4ºA de Educación Infantil que realiza esta produción audiovisual está formada por 14 nenos e nenas de entre 3 e 4 anos.

Coa finalidade de respectar o momento psicoevolutivo no que se atopa o alumnado e os intereses que mostran, decídese crear unha produción audiovisual vinculada ás experiencias directas do alumnado na aula.

Valorando as súas vivencias, o alumnado tivo gran interese no comezo de curso polo conto “Pequeno Azul e Pequeno Amarelo” da editorial Kalandraka. Con el, realizáronse actividades artísticas de mesturas das cores azul e amarelo coas mans creando cores verdes. Dado que foi unha das primeiras actividades artísticas que se deron na aula, o alumnado mostra un gran agarimo e apego por ese momento, polo que se veu interesante aproveitar esa conexión emocional para crear este produto audiovisual.

GUIÓN E PLANIFICACIÓN

A produción audiovisual realizouse en varias fases:

- 1. OBSERVACIÓN E VALORACIÓN DAS POTENCIALIDADES CREATIVAS E AUDIOVISUAIS DO ALUMNADO:** tivéronse en conta os coñecementos previos do alumnado no que ten que ver coa capacidade oral, creativa e expresiva coa finalidade de escoller o formato máis adecuado ás súas características.
- 2. SELECCIÓN DO FORMATO:** logo da observación escolleuse o formato de vídeo-tutorial dado o seu interese de ensinar o que aprenden na aula.
- 3. ELABORACIÓN DE GUIÓN:** dende titoría planificouse a produción audiovisual en varias partes ou escenas que fosen claras para o alumnado coa finalidade de que puidesen ter unha mellor conciencia do momento que estaban a vivir. Canta máis estrutura mellor seguridade e implicación poderían ter. Logo establecéronse momentos nos que o alumnado puidese

participar tamén oralmente no vídeo e considerouse de interese facer a introdución, presentarse, comentar as cores que empregan e facer a despedida.

4. ORGANIZACIÓN DE EQUIPOS: coa finalidade de que todos os nenos/as participasen por igual na produción e favorecer á vez a estruturación e a orde de gravación establecéronse unha serie de equipos equitativos segundo as mesturas.

- **Mestura 1:** cinco nenos e nenas adicados a mesturar azul e amarelo.
- **Mestura 2:** 5 nenos e nenas adicados a mesturar amarelo e vermello.
- **Mestura 3:** 4 nenos e nenas adicados a mesturar vermello e azul.
- **Mestura 4:** todos os nenos e nenas ao mesmo tempo adicados a mesturar as tres cores.

5. ESTRUTURACIÓN DA AULA: creaouse un set de montaxe para facer os vídeos e as intervencións orais. As mesas da aulas reestruturáronse para poder ter base nas que facer as mesturas en papel continuo con espazo suficiente para que o alumnado puidese experimentar de maneira activa e cómoda.

6. GRAVACIÓN: realizouse a gravación en tres días. Un deles adicouse ás intervencións orais facendo ensaios previos e escollendo a toma válida. Outro día adicouse a facer as mesturas das cores primarias e o derradeiro adicouse a facer a mestura libre coas tres cores primarias.

7. MONTAXE: a medida que iamos creando tomas, dende titoría foise facendo a montaxe na web “Canva”. Realizouse a exportación en mp4 e incorporouse ao enlace en BoxAbalar.